

# Xoán Porto

## “Alecrín”

### SON DE LEILÍA

*Eran tempos estraños, nos que a maioría dos músicos galegos, perdidos na inmensidade da instrumentación, buscaban sen sorte, a “peza filosofal” que cubrira de ouro o seu talento adormecido, para poder voltar á casa e deslumbrar ó mesmo sol co brillo artificial do tan desexado éxito.*

*E entón... chegaron elas, e foron luz, e foron lúa. Foron, naquela afogante noite do verán do 90, un grolo de auga fresca para as gorxas daqueles sete tanxedores que agarrados ó “vanguardismo” pretendían sobrevivir a un naufraxio que comezaba a esgotalos. Aquelas músicas, aquelas voces e a paradóxica dozura daquelas pandeiras tocadas con toda a forza da alma, eran tan sorprendentes e ó mesmo tempo tan cercanas que semellaban ser un tesouro máxico, o “canto grial” por fin atopado, un feitizo sonoro que atraía sen remedio ós sete músicos ata que por fin, o ano seguinte, aqueles dous mundos tan lonxanos xuntáronse para ser un só, rendéndose mutua preitesía e xurándose, mais aló dos límites da arte, amizade eterna. E colorín colorado **Ai-lalelo ailalalo.***

*Feliz aniversario LEILIA.*